

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027411	IES de Cacheiras	Teo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

1. Introducción

O IES de Cacheiras está situado en Cacheiras e pertence ao concello de Teo, que pasou de ser un territorio fundamentalmente rural na periferia de Santiago de Compostela a un espazo híbrido entre o rural e o urbano, con poboación nova que se asentou no mesmo procedente maioritariamente do sector servizos. Esta realidade conigura un alumnado cun perfil lingüístico variado. Existen persoas galego falantes de orixe, cada vez menos, alumnado que ten na súa contorna persoal a lingua, pero non a usa habitualmente e rapaces e rapazas que teñen dificultades para se expresar en galego oralmente (principalmente) e por escrito.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 2º de ESO os catro bloques concréntanse en doce unidades didácticas. Na primeira unidade de cada trimestre trataráanse contidos de diferentes bloques de carácter máis teórico e a comprensión e análise da información contida en textos de diversas tipoloxías (tema, resumo, ideas principais, intención do autor); mentres que as outras dúas estarán centradas na elaboración de produtos orais e escritos sobre temas do propio currículo ou transversais que serán avaliados a través dunha rúbrica. A cuarta, denominada en todas elas co verso de Xohana Torres "Eu tamén navegar", estará centrada na experiencia lectora do alumnado que escollerá unha obra do seu gusto sobre a que realizará traballos audiovisuais, escritos e ou artísticos. Neste curso as lecturas de cada trimestre corresponderanse cun xénero literario: no primeiro, a narrativa; no segundo, a poesía e no terceiro, o teatro.

Son cinco os grupos de segundo, caracterízanse pola súa diversidade. Así temos dous alumnos que precisan unha Adaptación curricular, once persoas con TDH; dúas, con TEA ; tres, con dislexia, dez, exentas (dúa delas de orixe ucraína e en proceso de adquisición do castelán) e catorce, repetidoras.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ACCIÓN	Esta primeira unidade serviranos para avaliar inicialmente o alumnado e para comprobar o seu nivel de partida. Este vai ser un tema que reforzará e ampliará os contidos tratados no curso anterior, centrándonos, de partida, na distinción das clases de palabras e no verbo (verbos regulares e irregulares). Repasaremos igualmente o xénero e o número, reflexionando sobre o uso da linguaxe inclusiva. Como traballaremos as secuencias textuais descritivas repasaremos as estruturas comparativas,	20	22	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ACCIÓN	os pronomes persoais e os determinantes. Traballaremos a sinonimia, a antonimia, o que xunto coa reflexión sobre os usos dos determinantes e pronomes vainos permitir explicar os mecanismos gramaticais de referencia interna. O alumnado, en parellas, terá que mellorar as súas propias producións, escollidas pola profesora, a través da análise e corrección das mesmas. Repasaremos a acentuación das palabras e traballaremos o léxico da familia e da saúde.	20	22	X		
2	QUEN SON? DE ONDE VEÑO? A ONDE VOU?	Aprenderemos a clasificar e distinguir as principais tipoloxías textuais: narración, descrición, texto expositivo e instrutivo e texto argumentativo. Aproveitaremos para repasar os textos da vida cotiá, nomeadamente o correo electrónico persoal e formal. Traballaremos o texto narrativo e o descritivo. O alumnado terá que escribir a súa autobiografía ou inventala. Este tema tamén nos servirá para estudar os topónimos e os antropónimos, o que lles servirá para coñecer o significado e orixe dos seus nomes e dos lugares nos que habitan.	5	8	X		
3	FOTO FALADA	Introduciremos as secuencias expositivas e os seus trazos principais. Reflexionarán sobre os elementos que debe posuír un texto destas características. Logo producirá unha exposición oral planificada, pero informal que gravará. Inspirándonos no proxecto ¿Fálame de San Sadurniño? o alumnado terá que elaborar pequenas presentacións orais a partir dunha fotografía persoal (súa, da súa familia, dun lugar da súa vida) describindo o que nela está, pero tamén a historia que hai por detrás da mesma. As gravacións, cando sobre tempo nas clases, serán escoitadas mentres se proxecta a imaxe.	5	5	X		
4	EU TAMÉN NAVEGAR.	O verso de Xohana Torres sérvenos como título porque ler é viaxar, navegar por outras latitudes, somerxerse nas vidas, os sentimentos, as aventuras doutras persoas que podemos ser nós. Nesta unidade o alumnado terá que escoller unha obra narrativa sobre a cal realizará un traballo, no que reflexionará sobre aspectos da súa forma e contido, analizando a súa estrutura, temas, argumento, personaxes e aprendizaxes que	4	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	EU TAMÉN NAVEGAR.	adquiriu. Estas obras serán comentadas en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada.	4	3	X		
5	LINGUAS QUE SUMAN	Este tema vai estar centrado na análise da situación sociolingüística do galego, para o que repasaremos a súa situación legal, os prexuízos que pesan sobre el, o proceso de normalización e dinamización do idioma poñéndoo en relación co que ocorre noutras linguas do estado e de Europa. Da mesma maneira, o alumnado reflexionará sobre a proximidade do galego co espazo lusófono a través do traballo con textos diversos (orais e escritos) producidos nas diferentes variantes do portugués. Repasaremos a formación de palabras (lexemas, morfemas, siglas, acrónimos) e aprenderemos a distinguir palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Neste tema tamén introduciremos a sintaxe, concretamente a distinción entre frases e cláusulas. Aprenderán a diferenciar os tipos e elementos que constitúen as primeiras e a clasificar as segundas pola natureza do predicado. Introduciranse os campos semánticos do medio urbano e os medios de transporte.	20	17		X	
6	NA MIÑA TERRA TODO É PAISAXE	Traballaremos as características do xénero lírico a través da lectura e análise de textos poéticos da literatura galega, pero non só. Non se ofrecerán exclusivamente textos cultos, senón tamén da literatura popular. A análise da linguaxe poética permitirá a abordaxe do significado denotativo e connotativo. Prestaremos especial atención á poesía paisaxística, xa que cada alumno terá que producir un texto poético (ao que lle dará unha forma artística: videopoema, caligrama, recitado, collage, etc...) no que o tema será a paisaxe ou a destrución da mesma, empregando os recursos aprendidos (ritmo, recursos estilísticos, recorrencia, símbolos...). Introduciremos léxico referido a animais e plantas. Neste tema abordarase, tamén o texto publicitario. Analizaranse diversas campañas de normalización e dinamización lingüística realizadas para as diferentes linguas minorizadas de Europa. O alumnado	5	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	NA MIÑA TERRA TODO É PAISAXE	en grupos terá que elaborar un texto publicitario, no formato que prefira, para o galego.	5	10		X	
7	PENSO, LOGO OPINO	<p>O alumnado, en grupos, realizará unha exposición, na que terá que emitir, ademais, a súa opinión sobre varios temas que abordan a emerxencia climática (a pegada hídrica, a industria téxtil, a economía circular, as enerxías limpas, o quecemento global...).</p> <p>Cada grupo terá, por tanto, que realizar un proceso de investigación que concluirá nunha exposición oral na que dará conta dos resultados da súa pescuda, as conclusións ás que chega e a súa opinión. Logo establecerase un debate co resto da clase.</p> <p>Aproveitaremos para coñecer as regras de cooperación e cortesía conversacional, practicaremos a escoita activa e aprenderemos a participar en contextos de intercambio de opinións (debates, foros, faladoiros), tanto presenciais como virtuais.</p>	5	7		X	
8	EU TAMÉN NAVEGAR	<p>Nesta unidade o alumnado terá que escoller un poemario dunha listaxe ampla e con diferentes graos de dificultade. Sobre o mesmo realizará un traballo, nel reflexionará sobre os temas principais dos poemas a través da expresión plástica e o recitado.</p> <p>Cos traballos realizarase unha exposición nas aulas ou na biblioteca. Os poemarios serán comentados en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada.</p>	3	3		X	
9	ALGO CHEIRA A PODRE EN DINAMARCA	<p>Neste tema abordaranse as principais características do xénero dramático e os seus diferentes subxéneros. O alumnado lera expresivamente e analizará textos de dramaturgos de todos os tempos, desde a Antigüidade clásica até a actualidade, prestando especial atención á dramaturxia galega. O teatro servirá para traballar a distinción entre o estilo directo e o indirecto.</p> <p>Nesta unidade abordarase a análise da cláusula simple e as principais funcións sintácticas.</p> <p>Traballaremos o léxico do traballo e as profesións.</p> <p>Traballaremos as propiedades textuais, particularmente, os mecanismos de</p>	20	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	ALGO CHEIRA A PODRE EN DINAMARCA	cohesión (conectores textuais temporais, explicativos...); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). Para isto alumnado terá que reescribir fragmentos das súas propias producións e alleas con erros.	20	15			X
10	TEO POR DIANTE	Neste tema abordaranse as características os xéneros xornalísticos de información e de opinión, tanto escritos como audiovisuais. O alumnado, tomando como modelo o programa matinal da RTVG, ¿Galicia por diante¿, terá que realizar un programa de radio que ocupe unha mañá. Dividirase en grupo e elaborarán unha ou varias seccións para ese tempo de radio: informativos, entrevistas, debate, información meteorolóxica, noticias culturais, concursos, publicidade, reportaxe, humor... Para isto terán que elaborar un guión que logo gravarán na radio do centro. As seccións deberán tratar determinados temas sobre os que terán que investigar: a igualdade de xénero, o racismo e o seu combate, a fame no mundo, o consumo, a pobreza, o dereito á vivenda, a contaminación dos espazos naturais, os principais retos do concello no que viven, as redes sociais, os principais problemas dos adolescentes... Traballaremos o léxico do tempo meteorolóxico e da vivenda.	10	12			X
11	EU TAMÉN NAVEGAR	Nesta unidade o alumnado terá que escoller un texto dramático dunha listaxe ampla con diferentes graos de dificultade sobre o cal realizará un traballo que consistirá nun roscó tipo ¿pasapalabra¿. As preguntas terán que dar conta dunha lectura detallada e significativa. As pezas teatrais escollidas serán comentadas en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ACCIÓN	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua a partir da reflexión de enunciados concretos.	PE	100
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira guiada		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor,		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Observar, comparar e transformar enunciados na partir de exemplos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminitorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	QUEN SON? DE ONDE VEÑO? A ONDE VOU?	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos	TI	100
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue forma e contido de textos sinxelo		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos con corrección, coherencia e adecuación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos a partir da reflexión metalingüística		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	FOTO FALADA	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende a intención do emisor e analiza a relación entre os códigos verbal e non verbal.	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais sinxelas obre temas de interese persoal , axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos co rexistro axeitado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

UD	Título da UD	Duración
4	EU TAMÉN NAVEGAR.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpretar o sentido global e a intención do emisor	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira guiada procedente de diferentes fontes.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

UD	Título da UD	Duración
5	LINGUAS QUE SUMAN	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán	PE	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Producietextos correctos, cun léxico diverso e precisión gramatical.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira autónoma		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos propios de maneira guiada		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñece o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Introducción á reflexión interlingüística. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	NA MIÑA TERRA TODO É PAISAXE	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos poéticos	TI	100
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos poéticos		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos escritos e multimodais correctos, cohesionados e adecuados.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Selecciona a información relevante		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elix e le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos,		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais con intención literaria e conciencia de estilo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	PENSO, LOGO OPINO	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprende o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos orais.	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

UD	Título da UD	Duración
8	EU TAMÉN NAVEGAR	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de poemarios.	PE	10
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor dun poemarios.	TI	90
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Diferencia forma e o contido		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Comprende unha crítica literaria a respecto dunha obra.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Argumenta a súa opinión sobre un poemario		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece os principais temas dun poemario e opina argumentadamente sobre os mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	ALGO CHEIRA A PODRE EN DINAMARCA	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Analiza e distingue os códigos do feito teatral	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos expositivos		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Recoñece as principais características do subxénero dramático		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Produce textos con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información pertinente.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixe as súas producións		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Corrixe textos inadecuados, incoherentes e non cohexionados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Distingue as principais funcións sintácticas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

Contidos

- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
10	TEO POR DIANTE	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais.	TI	100
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos sinxelos.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adopta hábitos de uso crítico e seguro das novas tecnoloxías		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos de maneira guiada		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterrar os usos discriminatorios da lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación de maneira guiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

UD	Título da UD	Duración
11	EU TAMÉN NAVEGAR	3

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos sinxelos	TI	100
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira guiada procedente de diferentes fontes		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixer e ler textos a partir dos propios gustos		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Comparte a experiencia da lectura en soportes diversos		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta as obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre diversas pezas teatrais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso.
- proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza.
- promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
- propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na rede ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.
- propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas e o espírito crítico e cooperativo.
- promover a lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- introducir dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía procurará ser dinámica e participativa, fomentando o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora, que buscará, sobre todo, organizar o traballo e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras.

Poñerase especial atención na oralidade e nas competencias activas, aproveitando os recursos que ofrece o centro, desde a biblioteca, Polos Creativos a EDIXGAL, fomentando a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS E ACTIVIDADES PROPIAS DA ÁREA

Lectura

Prestaranse esforzos específicos non só á superación das deficiencias que poida presentar o alumnado, senón sobre todo á estimulación do hábito de lectura. Para este fin incluímos na programación lecturas obrigatorias cada trimestre

sobre as que se realizará un traballo oral no que o alumnado explique e valore os aspectos máis relevantes do libro escollido dunha listaxe moi ampla que recolle xéneros e diferentes niveis de lectura. Nunca se realizará unha proba escrita sobre as lecturas. En cada avaliación realizaremos unha tertulia literaria na que se explicarán e recomendarán ou non as obras lidas. Ademais destas lecturas obrigatorias fomentárase que o alumnado poida aumentar o número de lecturas con carácter voluntario, valorándose esta actividade positivamente de cara á avaliación.

Dedicaremos un esforzo especial ás actividades de lectura dentro da aula, tanto no que respecta á lectura comprensiva coma á lectura expresiva en voz alta.

Produción oral espontánea e planificada

A lingua de uso na aula para esta materia será sempre o galego. Por tanto, todas as interaccións do alumnado entre si e co profesor producíranse sempre nesta lingua e cando isto non ocorrer, será tido en conta na avaliación.

Fomentárase na aula un clima de respecto mutuo, colaboración e participación activa que permita a expresión de opinións, ideas, gustos persoais, etc.

Traballaranse diferentes rexistros, así como se poñerán en valor as distintas variedades do galego.

Produción escrita

Buscarase a corrección de aspectos tales como a ortografía, a puntuación, a construción oracional ou a coherencia textual. É importante facer unha corrección constante e sistemática deste tipo de aspectos, e transmitirllle ao alumnado que haberá sempre unha atención aos mesmos e á súa avaliación.

Coidarase na produción de textos os aspectos de adecuación, coherencia e cohesión ademais da corrección gramatical. A corrección dos textos escritos producidos polo alumnado tratará de forma específica estes aspectos.

Insistirase na importancia que ten na elaboración de textos escritos a planificación. Fomentárase, por tanto, o uso de borradores e esquemas previos á redacción definitiva.

Procurarase que o alumnado produza textos de diversas intencións, funcións e xéneros e poida, igualmente, expresarse de maneira creativa e persoal.

Adquisición de léxico

A adquisición dun léxico adecuado é unha acción prioritaria da nosa acción didáctica, sobre todo dadas as carencias que o alumnado presenta a este respecto. Seguirá estes obxectivos e pautas:

-valoración das variedades dialectais, rexeitamento de elementos alleos ao galego (castelanismos) e toma de conciencia da necesidade de coñecer e usar en contextos apropiados a norma lingüística culta.

- adquisición dun léxico variado, rico e preciso e manexo de diferentes tipos de dicionarios, glosarios e voabularios temáticos.

- adquisición e manexo da terminoloxía técnica e científica propia da materia e dos demais ámbitos da vida escolar.

Reflexión sobre a lingua

O estudo gramatical realizarase a partir de textos que se traballarán na aula como un medio para chegar a un coñecemento reflexivo das normas gramaticais. Os textos que se utilicen serán diversos, de diferente tipo e motivadores

Educación literaria

Este curso dedicarase a conseguir unha percepción máis creativa e dinámica do feito literario, e centrarase nun enfoque temático-xenérico. Cada avaliación centrarase nun xénero literario concreto (narrativo, lírico, dramático) sobre o que se realizaran actividades de reflexión e recreación.

Procura de información

Buscaremos principalmente que o alumnado aprenda a distinguir fontes fiables das que non o son, insistindo no contraste ente elas e no respecto pola propiedade intelectual. Neste sentido non serán recollidos nin avaliados traballos que constitúan un evidente "corta e pega" e que presenten un nivel de cotidos ou de lingua que non se corresponde coa etapa madurativa do alumnado nin coas súas destrezas lingüísticas.

Guiarase, ao principio, o proceso de busca de información, seleccionado as fontes para, posteriormente, darlle autonomía ao alumnado. Os traballos de investigación deberán vir sempre acompañados dunha bibliografía ou webgrafía.

SECUENCIACIÓN HABITUAL DE TRABALLO NA AULA

Motivación:

- presentación actividade con textos, fotos, fragmentos audiovisuais, etc.
- detección dos coñecementos previos

Información da profesora:

- información básica para todo o alumnado da contido curricular que se vai desenvolver.
- información complementaria para reforzo e apoio con resolución de dúbidas.
- información complementaria para afondamento e ampliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais seleccionados da oferta EDIXGAL e de creación propia

Alén dos citados que serán os básicos de referencia, empregaranse outros tirados da rede, material audiovisual diverso (fragmentos de documentais, telexornais, cancións, vídeos musicais, portais de información, xornais dixitais, dicionarios, Porta das plabras, conxugadores verbais, fotografías, presentacións dixitais, kahoots, mapas etc)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumnado no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Consistirá nunha proba que partirá dun texto escrito sobre o que se proporán distintas actividades relacionadas coa súa comprensión, os coñecementos gramaticais e léxicos básicos e unha pregunta de produción textual propia.

En funcións dos resultados obtidos, adoptaranse as seguintes medidas:

- actividades de grupo que favorezan a colaboración e melloren ou optimicen o clima da aula.
- titorización entre iguais
- reforzo de contidos curriculares variando tanto as metodoloxías como as actividades: traballos en grupo, procura de información, elaboración de murais...
- asignar tarefas específicas e flexibilizar os tempos (dúas medidas máis doadas de aplicar no día a día ao traballar coa plataforma E-dixgal, que facilita distintos ritmos e niveis de aprendizaxe), ademais de ter en conta as características de cada alumno/a para os traballos colaborativos.
- recibir clases de apoio fóra da aula (se así se decidise na reunión da avaliación inicial do grupo)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	5	5	4	20	5	5	3	20	10
Proba escrita	100	0	0	0	100	0	0	10	80	0
Táboa de indicadores	0	100	100	100	0	100	100	90	20	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	100
Proba escrita	0	56
Táboa de indicadores	100	44

Crterios de cualificación:

Os criterios de cualificación de cada avaliación serán os seguintes:

Primeira e segunda avaliacións

- 1) Probas escritas 60%: en cada trimestre realizarase unha proba escrita; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase poderase dividir en dúas partes diferenciadas.
- 2) Traballo de lectura 10%: o alumnado seleccionará unha obra dunha listaxe ampla de títulos de diversos xéneros e niveis de dificultade. Realizará un traballo no que dará conta de diversos aspectos da súa experiencia lectora.
- 3) Expresión oral espontánea 5%: valorase cunha rúbrica a lingua usada na aula.
- 4) Expresión oral planificada 10%: o alumnado realizará en cada trimestre unha exposición ou tarefa oral sobre diferentes temas. Esta poderá ser gravada (podcast, en vídeo ou na clase).
- 5) Traballos de comprensión e produción e escrita 15%: o alumnado realizará un traballo por avaliación, que combinará produción e comprensión de textos de diversas tipoloxías; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase, poderase dividir en partes diferenciadas.

Terceira avaliación:

- 1) Probas escritas 60%: en cada trimestre realizarase unha proba escrita; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase poderase dividir en dúas partes diferenciadas.
- 2) Traballo de lectura 10%: o alumnado seleccionará unha obra dunha listaxe ampla de títulos de diversos xéneros e niveis de dificultade. Realizará un traballo no que dará conta de diversos aspectos da súa experiencia lectora.
- 3) Expresión oral espontánea 5%: valorase cunha rúbrica a lingua usada na aula.
- 4) Expresión oral planificada e produción escrita 25%: o alumnado elaborará un guión de radio para unha sección dun programa de radio global de toda a aula, este será posteriormente gravado na radio do centro ou na aula. Será avaliado cunha rúbrica.

En cada avaliación tamén se poderá realizar a lectura voluntaria dun libro por avaliación, que sumará ata 0,4 puntos na nota; avalíase cunha proba oral segundo esta escala de valoración:

- Demostra que leu o libro (completo) e comprendeu o contido. É quen de opinar, establecer relacións e reflexionar sobre o lido: 0.25 puntos
- Fala de xeito correcto, claro e fluído: 0.15 puntos

A nota final de cada avaliación será a suma dos apartados anteriores debidamente ponderados (á que se lle sumará á da lectura voluntaria, cando proceda) e expresarase cunha nota numérica que irá do 1 ao 10. Considerarase superada a avaliación cando se acade unha cualificación mínima de 4,5 puntos sen redondeo.

A nota final do curso calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Considerarase que superou a materia o alumnado que obteña unha nota media de 4,5 puntos ou superior.

Os erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos descontarán en cada proba ou traballo escrito ata un punto; os erros moi graves (non uso das maiúsculas, tempos compostos, pronomes mal colocados) restarán 0,1 cada un, os graves (xénero e número incorrectos e castelanismos léxicos) descontarán 0.05 e o resto, 0.025. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borrarros ou riscos).

Empregar métodos fraudulentos na realización de probas ou traballos, permitir que outros copien o seu traballo, participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados (copiar literalmente ou parafrasear unha fonte bibliográfica, por exemplo) implicará a obtención automática dun cero como cualificación nesa proba/pregunta ou traballo.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea debidamente xustificada.

Crterios de recuperación:

O alumnado que teña unha avaliación suspensa realizará a recuperación ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª. Efectuaranse dous tipos de probas de recuperación: unha proba oral para a parte do libro de lectura e outra escrita que incluírá tanto os contidos das probas escritas ordinarias coma o traballo de comprensión e produción escritas. A nota da avaliación que haxa que recuperar obterase, segundo os casos, do seguinte xeito: 15% da lectura (mantense a nota obtida na avaliación no caso de que estea aprobada)+ 85% proba escrita de recuperación.

A nota final calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións (sen redondeo), pero incorporando cando proceda as cualificacións da/s avaliación/s recuperadas. Considerarase que se superou a materia cando se obteña unha nota igual ou superior a 4,5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso hai 4 persoas en 3º de ESO que teñen pendente a materia de 2º de ESO; dúas delas están integradas nun PDC, polo que a superación da pendente se producirá no momento en que aproben o Ámbito lingüístico e social, tal e como establece a lexislación. Para as outras dúas habilitarase un curso específico en E-dixgal e xa se matricularán nel directamente. Será o profesor do seu curso ordinario, en coordinación coa Xefa de departamento, quen realice o seu seguimento. As actividades que requiran correccións deberán ser entregadas con suficiente antelación ao día das probas para que se poidan devolver corrixidas ou resolver as dúbidas que existan.

Realizaranse dúas probas parciais nas datas establecidas pola Xefa de estudos. No propio curso de E-dixgal estarán especificados tanto os contidos que entran en cada proba como as datas nas que se van realizar. O alumnado que falte a algunha desas probas deberá xustificar debidamente a ausencia para poder efectualala noutra data.

A cualificación final obterase mediante a media aritmética das dúas probas e considerarase superada a materia se esta media é de 4,5 puntos ou superior. O alumnado que non acade esta nota media mínima de 4,5 puntos deberá realizar un exame final de toda a materia na data establecida pola Xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, o profesorado deberá tratar de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e solventar as carencias existentes. Unha vez fixados os obxectivos básicos, a profesora procurará:

- adaptar o material didáctico.
- variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- organizar grupos de traballo flexibles.
- ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.
- potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.

Neste curso temos varios alumnos/as, como indicabamos na introdución, con TDAH e outros con dislexia e outros trastornos da linguaxe, aos cales se lles aplicarán as medidas que establece o seu correspondente protocolo, particularmente no referido á atención e colocación na aula así como ao tempo e formato das diferentes probas.

Temos, igualmente, dous alumnos (un, en 2ºC e outro, en 2ºD) aos que se lles vai facer unha adaptación curricular coordinada co profesorado de apoio e o Departamento de Orientación. Ambos serán avaliados con instrumentos parecidos aos dos seus compañeiros, pero adaptados ás súas necesidades. Así realizarán tarefas guiadas nas que se traballarán principalmente os contidos seleccionados dos diferentes bloques. A través de probas obxectivas poderemos medir a adquisición de contidos: textos con preguntas de diversos tipos: verdadeiro/falso, escolla múltipla, resposta breve, exercicios de relacionar, produción de textos sinxelos de diferentes tipoloxías, elaboración de presentación orais e lecturas guiadas de textos literarios sinxelos. Os criterios de avaliación e cualificación están detallados nas súas respectivas adaptacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X		X		
ET.4 - ET.4 - ET.4 - Competencia dixital			X	X		X	X	
ET.5 - ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial						X		
ET.6 - ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X		X	X
ET.7 - ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores					X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - ET.8 - Creatividade			X	X		X		X
ET.9 - ET.9 - ET.9 - Igualdade de xénero	X	X		X	X			X
ET.10 - ET.10 - ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos					X		X	
ET.11 - ET.11 - ET.11 - Pluralidade							X	

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual		X	
ET.4 - ET.4 - ET.4 - Competencia dixital		X	X
ET.5 - ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial			
ET.6 - ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X
ET.7 - ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores		X	X
ET.8 - ET.8 - ET.8 - Creatividade			X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.9 - ET.9 - ET.9 - Igualdade de xénero		X	X
ET.10 - ET.10 - ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.11 - ET.11 - ET.11 - Pluralidade		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas artístico-literarias	Saídas a exposicións, museos ou roteiros literarios que lle acaian ao currículo do curso.	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas	Acudir a unha representación teatral para completar formación arredor do feito teatral e as súas diversas manifestacións	X	X	X
Obradoiros de poesía, narrativa ou teatro	Realización de actividades de creación literaria e artística	X	X	X

Observacións:

As actividades realizaranse en función do orzamento do centro e do Departamento e en calquera trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Conseguíuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos cos que contou o profesorado foron adecuados e suficientes.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as...
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
Consegiuse un ambiente propicio para a aprendizaxe, sen condutas disruptivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.
Traballouse en coordinación co resto do equipo docente.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado numericamente e os seus resultados reflectiránse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes e das propostas de mellora nas actas do departamento unha vez por mes. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Consegiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

9. Outros apartados